



III CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

“Ciudadanía Inclusiva....”

Pobreza e Exclusión Social en Galicia

BASES



A **Rede Galega contra a Pobreza (EAPN-Galicia)** convoca o seu **terceiro concurso de fotografía dixital** para participantes dos programas das entidades membro da Rede, participantes doutras entidades sociais e fotógrafos afeccionados.

Este proxecto xurde arredor do día 17 de outubro como Día Internacional de Loita contra a Pobreza e da inquedanza de poder chegar á sociedade galega, especialmente aos seus representantes políticos, a realidade da pobreza e da exclusión social de Galicia.

BASES DO TERCEIRO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA INCLUSIVA

1ª. TEMA

O tema é "***A Pobreza e Exclusión Social en Galicia***"

As fotografías presentadas deberán adecuarse ao tema e contidos do concurso. Pódense reflectir aqueles aspectos que manifesten de calquera xeito a pobreza e a exclusión social na nosa comunidade autónoma.

As fotografías deberán ir acompañadas dun comentario realizado polos mesmos autores que non poderá exceder de 100 palabras

2ª. PARTICIPANTES

No Concurso "***A pobreza e a Exclusión Social en Galicia***" poderán participar todas aquelas **persoas participantes** dos diferentes programas e recursos



de entidades sociais pertencentes ou non a EAPN Galicia e **fotógrafos afeccionados** que o desexen.

Cada concursante poderá presentar **ata dúas fotografías** en cor ou branco e negro, remitidas en formato dixital en extensión “.jpg” cunha calidade mínima que permita unha impresión en papel de 28 x 35 cm (recomendado 2 MP, nunca inferior a 1024x768)

As fotografías presentadas a concurso deberán de ser **inéditas** e non teren participado nin resultado seleccionadas en ningún outro concurso.

3ª. PRESENTACIÓN

Todas as fotografías deberán presentarse co formato e resolución indicada, a EAPN Galicia, correo electrónico: comunicacioneapngalicia@gmail.com

As fotografías deberán acompañarse do documento que figura no *Anexo I*, unha **folia identificativa por cada fotografía** onde constarán os seguintes datos:

- Nome completo do/a fotógrafo/a
- Pseudónimo que desexa utilizar (no seu caso)
- Identificación de colectivo (participante de entidade social ou fotógrafo afeccionado)
- Título da fotografía
- Descrición do significado da mesma (requisito indispensable para acceder ao concurso) que non poderá exceder de 100 palabras

Deste xeito só o comité organizador coñecerá a identidade dos concursantes ata que finalice o concurso co fallo definitivo do xurado.



4ª DEREITOS DE USO E DIFUSIÓN

EAPN GALICIA resérvase o dereito de difusión das obras presentadas en publicacións e exposicións relacionadas co concurso e materiais de sensibilización da iniciativa, sempre facendo mención do autor, que non perde a propiedade do seu traballo.

5ª. PRAZO DE ADMISIÓN

A data límite para a aceptación dos traballos será o **15 de maio de 2013**.

6ª. COMITÉ DE ORGANIZACIÓN E XURADO

O Comité de Organización e o xurado do III Concurso Fotografía Inclusiva "Pobreza e Exclusión social en Galicia" estará composto por:

- D. David Silva. Presidente da EAPN-Galicia
- D. Carlos Rosón. Secretario de EAPN Galicia. Comisario da Exposición
- Dna. Eloína Ingerto. Coordinadora do Grupo de Participación de EAPN Galicia.
- Dna. Maite Serra. Directora de EAPN Galicia.
- Dna. Lucy Blanco. Premiada no II Concurso de Fotografía Inclusiva.
- D. José Trigo. Fotógrafo afeccionado

O seu fallo será inapelable e farase público antes do día 30 de xullo na web de EAPN Galicia (www.eapn-galicia.com) e a través de Facebook e Twitter

7ª PREMIOS

O xurado fará unha selección das dúas mellores fotografías ás que se lles outorgarán premios de 300 e 200 euros respectivamente en material fotográfico á elección das persoas premiadas. Excepcionalmente poderán concederse accésits en función da calidade dos traballos presentados.



Entre tódalas fotografías recibidas farase unha selección daquelas que reúnan unha calidade ou interese para formar parte da **III Exposición de Fotografía**. Poderán ser expostas tanto en formato papel coma en formato dixital.